

INTRODUCCIÓN

O obxecto da presente instrución de xustificación é o de detallar o modo en que deben realizarse os procesos de xustificación da subvención para promover a práctica profesional e a formación en competencias brandas das persoas menores de 30 anos mediante contratos formativos -Programa Talento 30.

Neste sentido, desenvolve e interpreta de xeito detallado os requisitos contidos nos artigos 18 e 19 da Orde do 1 de abril de 2022 (DOG nº 75 do 20 de abril de 2022) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das ditas axudas e achega os modelos normalizados para facilitar a súa realización.

1. GASTOS SUBVENCIONABLES

1.1 Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables

De acordo co artigo 29.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, teñen a consideración en xeral de gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido polas bases reguladoras das subvencións. En ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

NOTA IMPORTANTE

-Os citados **gastos** deberán estar realizados e efectivamente pagados*:

- O prazo para xustificar o anticipo será dun mes desde que se remate a realización do 40% da formación en competencias brandas (32 horas), dentro das 12 primeiras semanas do contrato, no caso de novas contratacións, ou da notificación da concesión, no caso de contratacións realizadas con anterioridade, e con data límite o 30 de abril de 2023
- O prazo para a xustificación final será dun mes desde a finalización do contrato.

***Excepcións:** IRPF e cotas de Seguros Sociais.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela



1.2 Accións subvencionables

Serán gastos subvencionables **unicamente** os producidos en **centros situados na Comunidade Autónoma de Galicia**. A subvención destinarase a cubrir parcialmente os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a:

a) Gastos salariais das persoas mozas contratadas

O incentivo á contratación empregárase para cubrir, en parte, os custos salariais e da Seguridade Social de todas as persoas mozas contratadas tendo en conta o límite por grupo de cotización sinalado na orde de convocatoria.

b) Gastos de formación en competencias brandas

Os gastos referidos á impartición de formación en competencias brandas que deberán recibir todas as persoas mozas contratadas, serán subvencionables ata un importe máximo de 3600 euros. Os gastos comprenderán unicamente os referidos a centros de formación e/ou persoas autónomas que impartan as accións formativas.

2 XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

2.1 Xustificación do anticipo formación en competencias brandas

Unha vez impartido o 40% da formación en competencias brandas (32 horas) dentro das 12 primeiras semanas, a entidade beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo **dun mes** todos os gastos imputados ao anticipo concedido, tendo en conta que para os gastos realizados ata o 31 de decembro de 2022, a xustificación debe ser remitida antes do 30 de abril de 2023.

Para a xustificación do anticipo do 40% na formación en competencias brandas, deberán enviar a seguinte documentación:

- ◆ O anexo VI debidamente cuberto.
- ◆ Un parte de asistencia por cada unha das persoas mozas contratadas, no que se detallarán as accións formativas recibidas e a súa duración, que deberá estar asinado tanto pola persoa moza como polo docente, así como pola persoa titora, designada pola entidade beneficiaria.





Este parte servirá como xustificante da recepción da formación por parte das persoas contratadas. No caso de que a impartición da formación se realizase mediante aula virtual ou teleformación, deberán achegar o informe de actividade da plataforma dixital asinada tanto polo docente coma pola persoa titora pertencente á empresa. Nese certificado deberá constar un usuario e contrasinal de acceso á acción formativa para poder realizar, de ser o caso, unha verificación da súa impartición.

Cando se produza unha extinción de contrato durante este período e en consecuencia, unha substitución, deberase incluír a persoa substituta no mesmo parte, xa que a xustificación refírese ao número de horas impartidas en relación con unha contratación incentivada, e ese incentivo é único, aínda que poida ser contratada máis dunha persoa con ese mesmo incentivo.

- ◆ Facturas e documentación acreditativa do pago dos gastos da formación en competencias brandas.

As facturas deberán estar emitidas a nome da entidade ou empresa solicitante dentro do prazo de execución establecido na convocatoria. Unicamente se admitirá como documentación xustificativa do pagamento dos gastos os documentos bancarios nos que consten o número de conta e a titularidade das persoas ou entidades receptoras e emisoras dos pagamentos (que deberán coincidir coas beneficiarias das axudas), así como o concepto e o importe (IVE incluído) do pagamento. Os mesmos datos deberán constar no caso de xustificantes bancarios emitidos a través da internet. Os datos dos xustificantes bancarios de pagamento deberán coincidir exactamente cos da factura. Se o importe reflectido no documento bancario non coincide por existiren varios pagamentos agrupados, deberá presentarse un desagregamento onde poidan identificarse os pagamentos en cuestión. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

2.2. Xustificación final das axudas e liquidación

As entidades beneficiarias deberán presentar no prazo dun mes desde a finalización do contrato, o modelo Anexo IV-A e/ou Anexo IV-B segundo corresponda, e no que deberá constar unha declaración das axudas solicitadas e/ou concedidas ás distintas administracións públicas para a



mesma finalidade ou, se é o caso, de que non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda, así como unha declaración relativa ás axudas de mínimos obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores.

Estes anexos deberán ir acompañados da seguinte documentación (artigo 19 da orde de convocatoria):

- ◆ Nóminas das persoas mozas contratadas e boletíns de cotización á Seguridade Social (recibo de liquidación de cotizacións, relación nominal das persoas traballadoras, etc..., así como os documentos bancarios que acrediten o pagamento de nóminas e seguridade social
- ◆ Impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento unha vez se dispoña deles
- ◆ Memoria final na que se resumirá todas as actividades laborais realizadas no posto de traballo durante todo o período de contratación que deberá estar asinada pola entidade beneficiaria.
- ◆ Facturas e documentación acreditativa dos gastos relacionados coa impartición da formación en competencias brandas.
- ◆ Currículo das persoas encargadas da impartición do programa de formación en competencias brandas que deberá incluír como mínimo: titulacións, cursos relacionados coa temática que imparte e experiencia laboral, que inclúa todos os traballos referidos á impartición deste tipo concreto de accións formativas.
- ◆ Memoria final específica das accións formativas en competencias brandas, que deberá ser asinada pola persoa/s formadora/s e a persoa/s titora/s da entidade beneficiaria, e na que se especificarán:
 - Obxectivos da formación
 - Accións formativas que se levaron a cabo
 - Logros acadados
 - Identificación dos asistentes

Xunto coa memoria final irán anexos os partes de sinatura individuais de cada un dos asistentes. No caso de que a impartición da formación se realizase mediante aula virtual ou teleformación, deberán achegar o informe de actividade da plataforma dixital asinada tanto polo docente coma pola persoa titora pertencente á empresa. Nese certificado deberá constar un usuario e contrasinal de acceso á acción formativa para poder realizar, de ser o caso, unha verificación da súa impartición.



O Servizo de Programas Mixtos ten a disposición un modelo de memoria que contén os datos mínimos requiridos, así como os partes de asistencia.

En relación cos gastos efectuados e xustificados correspondentes á formación en competencias brandas, segundo o artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Administración concedente poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Prezos de mercado
- b) Cotizacións de mercados nacionais e internacionais
- c) Estimación por referencia aos valores recollidos nos rexistros oficiais de carácter fiscal
- d) Dictamen de peritos da administración
- e) Tasación pericial contradictoria
- f) Calquera outro medio de proba admitido en dereito

En todo caso, é importante sinalar que segundo o establecido no artigo 23 da orde, no caso de que os gastos efectuados e xustificados pola entidade beneficiaria sexan menores ao importe concedido, sempre poderán proceder á devolución voluntaria do importe non xustificado, sen esperar a que se lle solicite o reintegro, evitando así a aplicación dos correspondentes xuros.

No caso de non presentar a xustificación final de todos os gastos en prazo, se lle requirirá á persoa ou entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. A non presentación en prazo suporá a perda dereito ao cobro da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago

